

Quen coñeza a Cipriano Luís Jiménez Casas, sabe da súa sinxeleza; mesmo cando está a expresar ideas complexas. Comparar con el determinadas vivencias non deixa de se converter nun acontecemento e nunha sorte porque o autor é un home que, sempre para ben, non esquece. Xuntos aprendemos, nunha memorable viaxe a Madrid de Semana Santa en tempos composteláns, a non confundir o ravo coas follas. Cipri goza desa especial capacidade para captar e recordar lugares, conversas, detalles, frases, ou sutís acenos, de singular significado. Son frases, acenos ou imaxes sen os que a estampa a describir non quedaría totalmente rematada. Jiménez Casas, di con acerto no prólogo Palmira G. Boullosa, domina a técnica da última frase, “aquela que define a narración toda”.

Trátase dun agasallo tenro e inspirado, dun libro de autor e de coral. Estamos a falar de: *Seixido e outras paranzas*, de Cipriano Luís Jiménez Casas, editado pola Comunidade de Montes Seixido e o concello da Lama (2009). Ilustrado por Virxilio, Lo-deiro e Donatienne, o volume está dividido en dous apartados fundamentais: Seixido, e as outras paranzas do autor a través da

súa traxectoria vital e profesional.

Se alguén ten a desgraza de non amar os nomes ou as palabras, esta é a ocasión para reparar esa eiva. A primeira vez que lera Divinas palabras de Valle Inclán quedara prendido á sonoridade das verbas ante o listado dos dramatis personae. O mesmo me sucedeu nada máis ler cada nome que vive nesta entrañábel obra. É unha honra contar con amigos tan enriquecedores e xenerosos. Cipri pode estar agradecido á súa aldea Seixido, ao tempo que Seixido o seu veciño.

O libro, ademais, obséquianos cunhas formidables e prezadas fotografías, onde se inclúen as

Agasallo tenro

Libro de autor e coral

FIDEL VIDAL PÉREZ



dos pais do autor, Don Cipriano e Dona Pura, mestres no Seixido naqueles anos duros da postguerra. Son esas fotos onde cada un de nós recoñece, ou se recoñece, sexa un de onde sexa, en cada persoa ou personaxe presentado nelas.

E outra volta aos xacintíficos e sonoros nomes de nostalxias conquereiras: Severino e Isolina en foto de estudio, Evaristo de Xende o capador, Palmiro Vidal o ferreiro, Manuel Barreiro “O Revello”, Manuel Cendón “O Rolo” ou Marcelino “O Cucachas”.

Trátase de ser dun lugar, dun tempo e dunha terra, de recuperar en cada intre a nosa esencia, o primeiro rumbo, para non desorientarnos nin perdermos. O sentimento de pertenza só ten valor individual se persiste o colectivo. Pensar outra cousa semella inútil xa que estamos a falar do obvio. Porque máis alá da anécdota este libro encerra no seu núcleo unha interesante análise social e antropolóxica nunha escrita que mantén o frescor da oralidade. Parabéns ao Seixido.

JIMÉNEZ CASAS, C.L.,
Seixido e outras paranzas,
Ed. Concello da La, a 2009.
E.N.V.